



Quim Baucells. Veterinario e asesor de explotacións de vacún de leite

A produción leiteira: negocio ou forma de vida

O ano que finalicei a miña licenciatura de Veterinaria, o censo de ganderías leiteiras en España estimábase nunhas 310.000 e o efectivo de vacas de leite era duns 2 millóns de animais, que producían algo menos de 6 millóns de toneladas de leite. Entón, o perfil dunha explotación leiteira era de 18.000 litros/ano, 6 vacas con 9 litros vaca/día e 9 de cada 10 rabaños tiña escasamente 10 animais. Sobreviviron menos de 5 de cada cen ganderías existentes a primeiros dos 80; mentres, actualmente, o conxunto do país produce moito máis leite cun terzo da cabana.

Estes datos sorprenden, case por igual, a quen o sabe, a quenes o intúen ou aos que os descoñecían. A súa reacción é tamén variada: incredulidade, nostalgia, resignación, indignación ou indiferenza. Ninguén pode esquecer que é unha verdade incontestable e tampouco ninguén pode negar que esta tendencia se observou e continúa manténdose en calquera parte do mundo onde hai vacas. En toda Europa, pero tamén en Nova Zelandia ou nos Estados Unidos, decrece o efectivo e as ganderías, mentres que a produción láctea non deixa de crecer. Está claro que as regras para conseguir “máis con menos” alcanzaron tamén a produción leiteira mundial e esta corrente non será fácil que cambie nun mercado non intervindo. A nosa, ata hai pouco, protexida e excedentaria Unión Europea é, aínda hoxe, líder mundial en produción; pero o éxodo continúa e, ante esta sostida e imparable sangría de gandeiros e gando na nosa contorna próxima, deberíamos interrogarnos polas razóns dos que o deixaron e dos que persisten.

A realidade que podemos observar, aínda hoxe, é que demasiados produtores en activo prefiren amparar o seu futuro nos arraigados e cómodos tópicos do sector, deixando o coñecemento, a autocrítica e a análise razoada das oportunidades do presente e o futuro para outro día. Confiar só en que a mellora do prezo do leite, a redución do custo alimentario, o proteccionismo institucional, a confianza inquebrantable e continuada do consumidor, a fe cega nas medias verdades do “gurú” de turno ou cambiar a sala de muxido non deberían ser os alicerces fundamentais para asentar este negocio e son, estes, ao meu entender, os produtores con maiores probabilidades de seguir a senda do abandono.

Estou moi convencido de que os factores que teñen un impacto máis positivo na supervivencia da gandería son a ilusión no traballo e o control do propio destino, pero, sen dúbida, isto non é suficiente e requirirá que cada un faga que a súa actividade lle permita dispor de renda e tempo suficiente para cubrir as distintas e variadas necesidades de cada un.

A clave para a xestión dunha granxa leiteira, como en calquera negocio, é concentrarse en coñecer o que se pode e se precisa mellorar, pero non vale só pensalo e adivíñalo, será necesario executar ben estes cambios, que deberán repercutir positivamente na economía do negocio.

Hoxe, máis que nunca, ten plena actualidade a frase: “Unha granxa levada como unha forma de vida é un mal negocio e unha granxa levada como un negocio é unha boa forma de vida”. ■

► ESTÁ CLARO QUE AS REGLAS PARA CONSEGUIR “MÁIS CON MENOS” ALCANZARON TAMÉN A PRODUCCIÓN LEITEIRA MUNDIAL E ESTA CORRENTE NON SERÁ FÁCIL QUE CAMBIE NUN MERCADO NON INTERVIDO